

**Acta núm. 25/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 30 de novembro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 30 de novembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 24/2021, DO 16.11.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) CORRECCIÓNS DE ERROS.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA DE BRIÓN.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 24/2021, DO 16.11.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.11.2021, acta núm. 24/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO PERFECTO MOURIÑO MOURELLE, na que comunica que pretende realizar a seguinte obra, nas parcelas sitas en Trasouteiro – Brión:

- .- Construír un peche de parcela de aproximadamente 163 metros lineais, parte en contacto coa vía pública, de muro de bloque de formigón branco de 1 metro de altura e tea de cor verde por enriba.
- .- Colocación de 10 tubos de formigón para a recollida das augas pluviais, no fronte da parcela en contacto coa vía pública.

As parcelas nas que se vai construír o peche (resultantes da segregación das parcelas con referencia catastral núm. 5169101NH2456N0001RB, núm. 5169102NH2456N0001DB e núm. 5168401NH2456N0001AB), emprázase parte sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM e parte sobre solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche, terá unha altura máxima total de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.
- Os tubos de formigón terán un diámetro de 40 cm e colocaranse reixas de recollida das augas pluviais cada 20 metros de distancia.
- O peche en contacto coa vía pública situarase a 5,50 metros do eixe do vial, segundo a licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local o 05.10.2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 159,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 223,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN MANUEL ALLO PUÑAL, na que comunica que vai reparar as fendas e pintar a totalidade das fachadas dunha edificación sita en Mourentáns – Viceso, que data do ano 1990, segundo a oficina virtual do catastro, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 000300100NH24E0001WI) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico, séndolle de aplicación, en base a disposición transitoria 1º.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta Lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,53 euros.
- Total: 42,53 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ASUNCIÓN MARCO CALVO, na que comunica que vai ampliar unha edificación auxiliar (alpendre) de 25 m², ata a superficie total de 50 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, en Fonte Paredes 1 - Ons.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 1590304NH2419S0001GJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas do alpendre estarán convenientemente revestidas e pintadas e a cuberta será de tella cerámica.
- A ampliación situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 83,83 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 148,40 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ESTÉVEZ TOMÉ, na que comunica que vai colocar unha fiestra, e revestir con pedra, parte da fachada da vivenda sita en Ombre 2 - Viceso, sen modificar as condicións de edificabilidade e de ocupación da parcela.

A parcela onde se van realizar as obras (ref. catastral 0271510NH2407S0001LW) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 34,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 99,27 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jacobo Guillén Pérez, que di actuar en representación de VICTOR GABRIEL PÉREZ BARBAZÁN, na que comunica que vai realizar obras interiores no local, redistribuíndo os aseos e as oficinas, para garantir e mellorar as condicións de accesibilidade deste, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial Jacobo Guillén Pérez, colexiado nº 1541 do ICOIIG.

O local onde se van realizar as obras (referencia catastral 6948905NH2464N0002HF) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 113,38 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 177,95 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN VILAS MONTERO, na que comunica que vai pintar a totalidade das fachadas da vivenda sita en Chave de Ponte 43 – Bastavales, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8712209NH2481S0000ZM) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento das edificacións, rexistrada con data 19.11.2021, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,20 euros.

Total: 43,20 euros

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Vicente Ramón Ares Méndez, que di actuar en representación da FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA, na que comunica que vai substituír os paneis de policarbonato en mal estado por outros novos dos invernadoiros de CULTIGAR S.L. (que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 07.07.2009), sita en Liñares - Brión, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma, para garantir as condicións de estanquidade e illamento dos mesmos.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 15013B506005250000MT) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1º.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta Lei para o solo rústico e atópase dentro da zona de protección da estrada AG-56.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Servizo provincial da AXI en A Coruña, expediente nº: IF204A/AC/2021/0286 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.415,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.480,27 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS DE LA VEGA SECO, na que comunica que pretende realizar a seguinte obra, na parcela sita en Outeiro 42 – Os Ánxeles:

.-Construír un peche no fronte da parcela, de aproximadamente 20 metros lineais, con muro de formigón de 50 cm de altura e celosía de madeira de 1,00 metro por enriba, incluída porta de entrada.

.-Construír un peche no linde lateral e posterior, de aproximadamente 80 metros lineais, con muro de bloque de 50 cm de altura e malla metálica por enriba, ata unha altura total de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº 7942606NH2474S0001KW e 15013B505011170000ME) atópase parte sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), parte sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico segundo a Disposición transitoria 1º.2.d), atópase dentro da zona de policía do rego do Pego e, parte, en zona de fluxo preferente e de zona inundable.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, Clave: DH.W15.72273 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche en contacto coa vía pública situarase segundo plano de emprazamento do proxecto de vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 30.10.2018.

.- O peche da parte da parcela situada en zona inundable será diáfano, de malla metálica ata a altura máxima de 1,80 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 159,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 223,57 euros

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ BALIÑA MOURELLE, na que comunica que pretende construír un peche de parcela, de aproximadamente 20 metros de lonxitude, con postes e arame e colocar un cartel publicitario de 10x3 metros na parcela sita en Babenzo - Bastavales.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº 7920402NH2472S0001OF) atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1), do PXOM, non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016 do patrimonio de Galicia, e linda con viario de titularidade autonómica, AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche situarase na aliñación, a 8 metros do eixe do vial, e o cartel no interior da parcela.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros

TERCEIRO.- CORRECCIÓNS DE ERROS.

a) Detectouse un erro na concesión da licenza de obra menor para reconstruír unha arqueta, recrecendo e substituíndo o conxunto tapa –marco, para o que será necesario a apertura dunha cala, outorgada a NEDGIA CASTILLA Y LEON, S.A., pola Xunta de Goberno Local o 19/10/2021.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos: Onde di NEDGIA CASTILLA Y LEON, S.A., debe dicir: NEDGIA GALICIA S.A.

b) Detectouse un erro na concesión da licenza de obra menor a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., para realizar unha liña subterránea de baixa tensión en O Cabo 27 - Os Ánxeles, en condutor de tipo XZ1 0,6/1 KV, 4(1x240I) dende o punto de acceso á rede sobre condutor existente XZ1-4x240S.1 del CT 15AL52 (Vilanova), ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16.11.2021.

Visto o informe favorable de tesourería, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.278,30 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

Debe dicir:

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.278,30 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Chaves Rivas, que di actuar en representación de MILAGROS REY RIVAS, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Bastavaliños – Bastavales, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra) visado CO-20210505.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 7520309NH2472S0001F
 Superficie: 2.023 m² (segundo a medición recente).

Clasificación: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as areas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Bernardino Casal Lorenzo.
 Sur: camiño de concentración parcelaria.
 Leste: a outra porción dividida de Rosa Freire Romero.
 Oeste: Concepción Otero Pereira.

Segregación pretendida:

Parcela matriz resultante:

Superficie neta: 900 m².

Lindes:

Norte: parcela segregada.
 Sur: camiño de concentración parcelaria despois das cesións previstas.
 Leste: parcela segregada.
 Oeste: Concepción Otero Pereira (referencia catastral 7520310NH2472S0001DF).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Parcela segregada:

Superficie neta: 1.058 m².

Lindes:

Norte: Bernardino Casal Lorenzo (referencia catastral 7520333NH2472S0001TF).
 Sur: Parcela matriz e camiño de concentración parcelaria despois das cesións previstas.
 Leste: Rosa Freire Romero (referencia catastral 7520308NH2472S0001XF).
 Oeste: Concepción Otero Pereira (referencia catastral 7520310NH2472S0001DF) e parcela matriz resultante.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as areas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Cesións:

Superficie: 65 m².

Lindes:

Norte: parcela segregada e parcela matriz resultante.
 Sur: camiño de concentración parcelaria
 Leste: Rosa Freire Romero (referencia catastral 7520308NH2472S0001XF).
 Oeste: Concepción Otero Pereira (referencia catastral 7520310NH2472S0001DF)

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 65 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago Martín Romarís García, que di actuar en representación de PEDRO REBOREDO CAJIDE, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Lamiño 22 – Brión, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Ramón Vieites Castiñeiras, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.08.2021 e documentación complementaria visada o 06.10.2021 (expte. núm. 2104574).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6661415NH2466S0001WO) atópase clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, clave DH.W15.75064, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Ramón Vieites Castiñeiras, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.08.2021 e documentación complementaria visada o 06.10.2021 (expte. núm. 2104574).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (33,70m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de

interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 33,70m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 18 de novembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.587,68 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 252,10 euros.
- Total: 3.839,78 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por CRISTINA VENCES LÓPEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 38- Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Roi Feijoo Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.11.2021 (expte. núm. 2104840).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7066202NH2476N0001DT) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Roi Feijoo Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.11.2021 (expte. núm. 2104840).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (223,00 m², coincide coa superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local o 01.03.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello

mediante a oportuna folha de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisionís de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.352,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 105,83 euros.

Total: 2.458,74 euros.

SIXTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Deus Losada, que di actuar en representación de CORAL HOMES S.L.U., na que solicita licenza de primeira ocupación dun edificio de 23 vivendas, 23 trasteiros e 26 plazas de garaxe, na Avda. de Noia 21.

Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local do 19.09.2006 concedeu licenza de obras a entidade PAZOS SOUTO 2000 SL para a construción dun edificio de vivendas a emprazar na avenida de Noia nº 21, composto dunha planta soto (garaxe e rochos), planta baixa (4 locais comerciais e dous portais) e dúas plantas altas para uso residencial, para un total de 16 vivendas. A licenza concédese a partir do proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Eva M. Martínez Abastida e visado polo C.O.A.G.. A dirección de obra corre a cargo da mesma arquitecta e a dirección da execución a cargo do aparelador José Ovidio Seoane Blanco.

- A Xunta de Goberno Local do 31.07.2007 concede licenza de segregación, a entidade PAZOS SOUTO 2000 SL, resultando que a parcela sobre a que se empraza o novo edificio pasa a ter unha superficie bruta de 3.255 m2 e cunha edificabilidade contrastada de 1.950,90 m2, de acordo co proxecto redactado ao respecto pola arquitecta Eva M. Martínez Abastida. (edificabilidade 0,5993 m2/m2).

- A Xunta de Goberno Local do 20.09.2016 concedeu o cambio de titularidade da licenza concedida no seu día á entidade PAZOS SOUTO 2000, S.L. a favor de BUILDINGCENTER S.A.U

- A Xunta de Goberno Local do 08.02.2017 concedeu modificación da licenza segundo proxecto denominado "Modificación de proxecto de 16V+4L de adecuación de p. baixa a uso residencial vivenda 23V+OL" redactado por Cid Rivadulla. Arquitectos S.L.P., visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/06/2016 e documentación complementaria visada o 01/12/2016.

- A Xunta de Goberno Local do 11.02.2020 concedeu cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local do 19.09.2006, modificada posteriormente por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.02.2017 e que consta a nome de BUILDINGCENTER S.A.U, a favor de CORAL HOMES, S.L.U.

- A Xunta de Goberno Local do 03.11.2020 toma coñecemento da renuncia presentada polo interesado da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 31 de xullo de 2007 para a agrupación e segregación das fincas nº 865 e número 866-867 do plano xeral de Concentración Parcelaria dos Ánxeles, número 21 da Avenida de Noia, deixándoa sen efecto. (superficie da parcela 4.642 m²).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 30.03.2021, asinado polos arquitectos Carlos Mezquita Fernández e Jorge Nimo Silva con data 11.02.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 565,14 euros.

Total: 565,14 euros.

SETIMO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

Antecedentes:

1º) A Xunta de Goberno Local en sesión do 13.07.2021, adoptou o seguinte acordo:

“” SÉTIMO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REEQUILIBRIO ECONÓMICO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.07.2021, que transcrita di:

1. Antecedentes:

1º) Acordo da Xunta de Goberno Local do 18.05.2011, por delegación do Pleno, polo que se adjudicou o contrato á empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., polo prazo de dez (10) anos, a contar desde a data de inicio da prestación do servizo, data que se acreditará mediante acta subscrita polo Concello e o contratista; o contrato foi formalizado con data 26.05.2011 e a acta de inicio con data 16.08.2011.

O prezo do contrato consiste na subvención que aportou o Concello ao contratista e que ascendeu consonte coa súa proposta económica a:

- . 50.000 euros durante o primeiro ano.

- . 50.000 euros durante o segundo ano.

- . 0 (cero) euros durante o terceiro ano.

- . 0 (cero) euros durante o cuarto ano, así como as tarifas das usuarios que percibe directamente o contratista.

Na cláusula 10 do PCAP sinálase que “Enténdese ao devandito efecto que as tarifas do servizo e a oferta dos licitadores sobre as subvencións máximas previstas permítelles, mediante unha boa e ordenada administración, cubrir os gastos de explotación e conseguir unha marxe normal de beneficio industrial”.

2º) Solicitud por parte de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de declaración de imposibilidade de execución do contrato a consecuencia da declaración do estado de alarma por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (registro de entrada do 24 de marzo de 2020).

3º) Comunicación por parte de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de presentación de ERTE que afecta a dezaseis traballadores da piscina, dos cales un é ERTE de redución e os demais ERTES de suspensión e cunha duración inicial acordada desde o 14 de marzo ata o fin do estado de alarma (registro de entrada 200, do 22.04.2020).

4º) Acordo da Xunta de Goberno Local do 29.04.2020, por delegación do Pleno, recoñecendo a imposibilidade de execución temporal do contrato desde o 14.03.2020 como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas e a administración local para combatilo, aos efectos previstos no art. 34.4 do RDL 8/2020, do 17 de marzo.

5º) Comunicación por parte de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de reapertura da piscina (registro de entrada 329, do 05.06.2020).

6º) Decreto da alcaldía nº 280 do 19.06.2020 decretando o fin da suspensión con data de efectos do 22.06.2020, debendo o concesionario proceder á reanudación da prestación do servizo, debendo cumprir os protocolos sanitarios establecidos pola normativa do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

7º) Escrito con registro de entrada 418, do 09.07.2020, pola que AQUAFIT GESTIÓN S.L., debido as circunstancias sobrevidas pola pandemia da COVID-19, solicita o restablecemento do equilibrio económico do contrato nos termos establecidos no art. 34.4 do R.D. Lei 8/2020 nos seguintes termos: con carácter principal, a través da modificación das cláusulas do contido económico do contrato en todo o que resulte necesario e solicita o abono dunha compensación económica de 32.156,85 euros tal e como resulta do informe pericial que acompaña, polo período de 14.03.2020 a 31.05.2020, e con carácter subsidiario, o aumento do prazo de duración inicial do contrato nun 15%, é dicir, en un ano e seis meses (15% de dez anos).

8º) Solicitud de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de imposibilidade parcial de execución do contrato desde a data de reapertura das instalacións o 22.06.2020 (registro de entrada 424, do 10.07.2020), aos efectos previstos no art. 34.4 do R.D. Lei 8/2020.

9º) Escrito con registro de entrada 606, do 29.09.2020, polo que AQUAFIT GESTIÓN S.L. modifica a solicitud con carácter principal referida no punto 7º, de xeito que reclama unha compensación total por reequilibrio de 42.323,50 euros, 32.487,29 euros (período de 14.03.2020 a 31.05.2020) e 9.836,21 euros (período de 01.06.2020 a 21.06.2020), acompañado dun segundo informe pericial e máis documentación.

10º) Escrito de AQUAFIT GESTIÓN S.L., polo que reitera a petición principal de 42.323,50 euros en concepto de compensación para o reequilibrio económico, e desiste da petición subsidiaria de aumento de prazo de duración inicial do contrato (registro de entrada 687, do 29.10.2020).

11º) Escrito de AQUAFIT GESTIÓN S.L. polo que solicita o recoñecemento da imposibilidade parcial de execución do contrato desde o 22.06.2020, e un “segundo reequilibrio” polo período comprendido entre o 22.06.2020 e o 30.06.2020 por importe de 6.310,55 euros, acompañado de novo informe pericial e máis documentación (registro de entrada 493, do 21.05.2021).

Vistos os informes emitidos por secretaría do 09.12.2020 e por intervención do 08.07.2021 que constan no expediente, e considerando que consonte co disposto na Disposición Adicional 2ª e Disposición Transitoria 1ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o órgano competente para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno Local, por

delegación do Pleno do 27.06.2019 (BOP do 03.07.2019), propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de Servizos na primeira sesión que se celebre.

2º) Abrir un prazo de audiencia ao concesionario de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da recepción da comunicación deste acordo, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes, quedando de manifesto o correspondente expediente en Secretaría onde poderá consultalo. Se antes do vencemento do prazo o interesado manifesta a súa decisión de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

3º) Unha vez transcorrido este prazo e á vista das alegacións, documentos e xustificacións que se presentasen, dítarase a resolución que corresponda.

4º) Comunicar este acordo ao concesionario para o seu coñecemento e efectos.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.”

2º) Durante o trámite de audiencia o interesado presenta as seguintes alegacións:

Primeira. Respecto ao importe concedido. Consta no informe de intervención o recoñecemento do importe de 32.416,93 €. Esta parte reitera que o importe a compensar ascende a 42.323,50 euros, prexuízo que consta debidamente acreditado nos informes periciais achegados e a documentación anexada aos mesmos, ao que de novo remitímonos.

Segunda. Respecto da forma de compensar reiteramos a solicitude de que a compensación á primeira solicitude de restablecemento do equilibrio económico do contrato interesada en base ao art. 34.4 da Real Decreto-lei 8/2020 (“Primeiro reequilibrio”) correspondente ao período comprendido entre o 14 marzo de 2020 e o 21 de xuño de 2020 debe ser mediante a modificación das cláusulas de contido económico do contrato en todo o que resulte necesario, de forma que se contemple como retribución do concesionario no exercicio 2020, a maiores das xa previstas, a entrega por parte do Concello dunha retribución económica directa ou subvención ao concesionario para reequilibrar o contrato por importe de 42.323,50 euros, reiterando unha vez máis os argumentos xa deducidos respecto diso. En particular, subliñar unha vez máis que desistimos da petición subsidiaria xa que atendida a pandemia e a restrición de medidas sanitarias actualmente existentes supón que unha eventual prórroga do contrato unicamente vai xerar a este concesionario unhas maiores perdas.

Terceira. Respecto ao dereito do concesionario ao reequilibrio económico ao amparo do art. 34.4 RDL 8/2020 polo “segundo reequilibrio” (período 22.06.2020 ao 30.06.2020). Consta no informe de intervención a negativa ao dereito ao reequilibrio polo segundo período considerado, fundamentado en que “non consta que o órgano de contratación recoñeza a imposibilidade parcial de execución do contrato no citado período”. Pois ben, tomando en consideración que esta parte reiterou a petición de que o órgano de contratación se pronuncie sobre a declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato en escritos de 10.07.2020, rexistro de entrada 424, 29.09.2020, rexistro entrada 606 e 29.10.2020, rexistro de entrada 687, solicítase novamente unha resolución expresa, de forma que así poida pronunciarse sobre o dereito ao denominado “segundo reequilibrio” (período 22.06.2020 ao 30.06.2020).

Visto o informe de intervención do 15.09.2021, que transcrito en extracto di:

“” Sobre o contido das alegacións:

Polo que respecta á primeira alegación formulada polo concesionario, remítome ao meu informe emitido en data 08.07.2021, mantendo a valoración municipal de reequilibrio en 32.416,93 €.

Polo que respecta á alegación relativa ao modo de compensación, e tal e como consta no meu informe de data 08.07.2021, o artigo 34.4 do RDL 8/2020 da dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Deberá analizarse cal é a mellor das medidas, de acordo co interese xeral municipal, tratando tamén de non obviar o contratista. Pero é a Administración titular da concesión a que decide a forma de compensar ao concesionario, se a situación económica non lle permite asumir unha suposta compensación en diñeiro, pode substituíla por unha ampliación do prazo da concesión, unha redución do canon que atinxe ao concello ou un incremento de tarifas, ou a combinación de varias destas medidas.

Polo que respecta á terceira alegación, o artigo 34.4 do RDL 8/2020 establece como condición para o restablecemento económico do contrato que o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade. Dita imposibilidade de execución non foi declarada polo órgano de contratación.

En canto ao alcance temporal a ter en conta para realizar a compensación solicitada polo concesionario no período que denomina "segundo reequilibrio", concrétese tamén no artigo 34.4 do RDL 8/2020: " durante o período de duración da situación de feito creado pola Covid-19 ". É dicir, ata que se autorizou a apertura ao público das instalacións tras o levantamento do estado de alarma. Con posterioridade a ese momento ("segundo reequilibrio") é previsible que existan restricións de utilización dos usuarios ou que ésta se produza de modo espontáneo por éstes, pero entendo que se trataría dunha simple redución da utilización que non se rexería polo artigo 34.4 do RDL 8/2020 senón polas regras xerais de reequilibrio económico das concesións que non cobre descensos (nin incrementos) puntuais de demanda encaixando na doutrina do risco e ventura do contratista sen alterar frontalmente o equilibrio económico financeiro.

4.- CONCLUSIÓNS.

Á vista do exposto nos apartados anteriores a que subscribe conclúe que procedería:

- Desestimar as alegacións primeira e terceira presentadas durante o período de audiencia por AQUAFIT GESTIÓN S.L. no seu escrito con rexistro de entrada nº 802 do 02.08.2021.

- Polo que respecta a alegación segunda, será a Administración titular da concesión a que, de acordo co interese xeral municipal, decida a forma de compensar ao concesionario de entre as permitidas polo artigo 34.4 do RDL 8/2020, e tendo en conta a valoración de reequilibrio efectuada no meu informe de data 08.07.2021."

Visto o informe de secretaría do 28.09.2021, que transcrito en extracto di:

"" INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS:

Primeira.

Respecto desta alegación se informa que por Intervención mediante informes do 08.07.2021 e 15.09.2021 se sinala que si existe dereito do interesado ao reequilibrio económico do contrato por importe de: 32.416,93 euros, ao abeiro do artigo 34.4 do RDL 8/2020 no primeiro período reclamado ("primeiro reequilibrio"), isto é, dende o 14.03.2020 ata o 21.06.2020, nos termos que reflicten as seguintes táboas, excluindo dos sobrecostos as facturas que menciona e incluíndo unicamente os directamente relacionados coa xestión da piscina correspondentes ao período reclamado, e considerando como perda de ingresos (beneficios deixados de percibir) as perdas reais pero non o beneficio potencial, e aplicando sobre as mesmas un 6% de beneficio industrial para a cobertura desta marxe:

VALORACIÓN MUNICIPAL DO REEQUILIBRIO

1º PERÍODO	DO 14.03.2020 AO 31.05.2020
PERDAS REAIS PERÍODO	18.565,97 €
PERDA BENEFICIO EMPRESARIAL	1.113,96 €
SOBRECUSTOS COVID-19	2.903,82 €
TOTAL 1º PERÍODO	22.583,75 €

2º PERÍODO	DO 01.06.2020 AO 21.06.2020
PERDAS REAIS PERÍODO	7.422,88 €
PERDA BENEFICIO EMPRESARIAL	445,37 €
SOBRECUSTOS COVID-19	1.964,93 €
TOTAL 2º PERÍODO	9.833,18 €

TOTAL VALORACIÓN MUNICIPAL	32.416,93 €
-----------------------------------	--------------------

Non achegando o interesado ningún novo documento que acredite eses prexuízos, senón que se remite ao presentado anteriormente, procede a desestimación da alegación.

Segunda.

Respecto desta alegación cabe informar que o artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, na redacción dada polo Real Decreto Lei 17/2020, de 5 de maio, regula o seguinte:

“4. En los contratos públicos de concesión de obras y de concesión de servicios vigentes a la entrada en vigor de este real decreto-ley, celebrados por las entidades pertenecientes al Sector Público en el sentido definido en el artículo 3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo darán derecho al concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato mediante, según proceda en cada caso, la ampliación de su duración inicial hasta un máximo de un 15 por 100 o mediante la modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato.

Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante en el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compensación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.

La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo y únicamente respecto de la parte del contrato afectada por dicha imposibilidad.”

Non indica o artigo 34.4 do RDL 8/2020 que a elección deba realizarse pola empresa concesionaria, senón que entende este secretario que o restablecemento do reequilibrio deberá analizarse de acordo co interese xeral, sendo o Concello titular da concesión o que debe decidir a forma de compensar ao concesionario tendo en conta ao contratista, por calquera das fórmulas previstas en dito artigo: a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 (medida que o concesionario non quere) ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato (incremento das tarifas ou da subvención que aporta o Concello, ou combinación de ambas medidas).

Considera esta secretaría que posto que por intervención se propón o recoñecemento da cantidade debidamente acreditada de: 32.416,93 euros e que o concesionario renuncia á compensación mediante o incremento do prazo, e posto que existe un remanente de tesourería procedente da liquidación de 2020 do que se pode dispor por estar suspendidas as regras fiscais neste ano 2021, procede estimar parcialmente esta alegación, previa tramitación do expediente de modificación de créditos, indemnizando ao concesionario na contía de: 32.416,93 euros.

Terceira.

Se informa por esta secretaría que consta no expediente comunicación por parte de AQUAFIT GESTIÓN S.L. de reapertura da piscina (rexistro de entrada 329, do 05.06.2020) e decreto da

alcaldía do 19.06.2020 decretando o fin da suspensión con data de efectos do 22.06.2020, debendo o concesionario proceder á reanudación da prestación do servizo, debendo cumprir os protocolos sanitarios establecidos pola normativa do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por esta secretaría se considera que posto que non existe un recoñecemento expreso da imposibilidade por parte do Concello, e por outra banda a imposibilidade, no seu caso, parcial de prestar o servizo por mor da normativa sanitaria autonómica non atopa respaldo legal no RD 463/2020, posto que o estado de alarma declarado por este Real decreto rematou o día 21 de xuño de 2020, polo que debe entenderse que con esa data esa norma perdeu a súa vixencia, e se incardina máis ben dentro do concepto de risco e ventura co que o concesionario debe prestar o servizo, polo que procede a desestimación desta alegación.””

Ao abeiro das competencias desta alcaldía, propono á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, a adopción do seguinte acordo:

1º) Desestimar as alegacións 1ª e 3ª do interesado consonte cos informes transcritos.

2º) Estimar parcialmente a alegación 2ª e recoñecer o dereito do interesado ao reequilibrio económico do contrato por importe de: 32.416,93 euros, ao abeiro do artigo 34.4 do RDL 8/2020 no primeiro período reclamado (“primeiro reequilibrio”), isto é, dende o 14.03.2020 ata o 21.06.2020, que se pagará ao interesado logo de que entre en vigor o expediente de modificación de créditos onde se conteña o crédito necesario para facer fronte ao pagamento desta indemnización.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González